



PROTOCOLO SANITARIO PARA O ADESTRAMENTO DE TIRO NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DA SD RIO SAR

A transición cara unha nova normalidade, tras a superación das diferentes fases de desescalada, implica que queden sen efectos as medidas extraordinarias derivadas do estado de alarma, sen embargo a crise sanitaria aínda subsiste e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria deberán manterse as medidas de prevención publicadas na Resolución do 1-6-2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade (DOG nº 115 do 13-6-2020), polo que **nos adestramentos que se realicen nas instalacións da SD Rio Sar fáise necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente no seguinte:**

- Hixiene frecuente de mans.
- Hixiene respiratoria (evitar tusir directamente ao aire e tocar a cara, nariz e ollos).
- Distancia interpersonal mínima de 1,5 metros ou uso de máscara cando non sexa posible manter esta distancia mínima.
- Uso de máscara en contornos con moita xente.
- Limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados.
- Evitar compartir utensilios e outros trebellos, e no caso de ter que compartilos desinfección antes e despois de cada uso.
- Evitar compartir comida e bebida.

As instalacións da SD Rio Sar, é unha instalación deportiva ao aire libre, descuberta, con independencia de que se trate dun recinto pechado ou aberto, carece de teito e paredes simultaneamente, e permite a práctica de varias modalidades deportivas.

PROTOCOLO XERAL DA INSTALACIÓN DEPORTIVA:

Durante as actividades que se desenvolvan nesta instalación **todos os usuarios deberán cumprir obrigatoriamente as normas de prevención e seguridade sanitaria recomendadas a continuación así como aquelas outras que determinen as Autoridades Sanitarias en cada momento.**

- A práctica da actividade deportiva nas instalacións deportivas da SD Rio Sar poderá realizarse en grupos de ata 25 persoas, sen contacto físico, e sempre que non superen os dous terzos da capacidade máxima permitida.

A capacidade máxima permitida na instalación é de 300 persoas.

- Antes de saír da casa cara a instalación, o tirador o calquera outro usuario deberá realizarse un auto test, para confirmar se puidera ter síntomas de COVID-19 (febre, tos, falta de alento, perda de olfato, perda de gusto, etc.), e no caso de presentar síntomas deberá absterse de acceder ás instalacións.
- Os tiradores ou outros usuarios das instalacións que estiveran en contacto con algunha persoa que teña dado positivo en Covid-19, deberán gardar corentena conforme ao establecido polas Autoridades Sanitarias, absténdose de acceder ás instalacións.



- Se algún usuario manifestara síntomas nos días posteriores a estar nas instalacións, ou dese positivo en Covid-19, deberá avisar de inmediato ás Autoridades Sanitarias e á SD Rio Sar para adoptar as medidas oportunas cos posibles contactos. A estes efectos a SD Rio Sar levará un rexistro dos usuarios que puideran estar en contacto (por exemplo, número de teléfono).
- Os desprazamento en automóbil ata a instalación deportiva recoméndase realizalos de forma individual, non compartir vehículo con outras persoas non conviventes. De non ser posible, deberán empregar obrigatoriamente máscara todos os ocupantes, que tanto antes de entrar como despois de saír do vehículo deberán lavarse ou desinfectarse as mans con hidroxel.
- Os usuarios deberán evitar en todo momento o saúdo con contacto físico con outras persoas.
- A SD Rio Sar porá a disposición de todos os usuarios o material de protección e prevención hixiénico-sanitario necesario (hidroxel, máscaras, luvas, termómetro, etc.).
- Ao entrar e ao saír da instalación, deberán desinfectarse as mans con hidroxel.
- Antes de entrar e despois de saír da cancha deberán limparse de novo as mans cos hidroxel que estará dispoñible nos espazos habilitados, onde tamén se disporá de papeleiras pechadas e con accionamento non manual para a recollida de material desbotable (panos, máscaras ou calquera outro material). As papeleiras limpanse e desinfectanse frecuentemente, e contarán con bolsa desbotable que se cambie alomenos unha vez ao día.
- Deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal mínima de 1,5 metros e, de non ser posible, empregárase máscara. Cando esta non se utilice é importante gardala axeitadamente para evitar que adquira ou transmita coronavirus.
- Utilizarase a máscara durante o percorrido entre os espazos comúns da instalación, salvo que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal.
- Cando se faga necesario, e sexa posible, estableceranse itinerarios para dirixir a circulación de usuarios e evitar aglomeracións en determinadas zonas, tanto no interior como no exterior, e nas entradas e saídas, para previr o contacto entre os usuarios.
- Nos aparcamentos establecerase un control de accesos para mellor seguimento das normas de capacidade, así como para evitar aglomeracións, debendo manterse tamén a distancia interpersoal, ou no seu defecto, o uso de máscara.
- Todas as portas das instalacións manteranse abertas con cuñas ou outros sistemas para evitar o contacto das persoas usuarias da instalación cos pomos.
- Con carácter xeral, non se compartirá ningún material entre usuarios e, nos casos que non sexa posible, desinfectaranse antes e despois de cada uso.
- Limparse e desinfectarse frecuentemente calquera tipo de dispositivo, así como as cadeiras, mesas ou calquera outro mobiliario ou superficie de contacto que utilicen



máis de un usuario, e ventilarse periódicamente os espazos pechados utilizados (oficina, baños, etc.) durante o tempo necesario que permita a renovación de aire.

- Reforzarse a limpeza e desinfección dos baños, garantindo en todo momento o seu estado de salubridade e hixiene, incluídas as billas e pomos das portas.

A ocupación máxima nestes espazos será de unha persoa por cada catro metros cadrados, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia que poderán contar cun acompañante. Nos aseos de máis de catro metros cadrados que contén con máis dunha cabina ou urinario a ocupación máxima será do 50% do número de cabinas e urinarios da estancia, debendo manterse en todo momento a distancia de seguridade interpersoal

- Habilitarase un espazo para deixar as mochilas, bolsas, fundas, ou calquera outro efecto persoal.
- Non se poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.
- Ademais do obrigado cumprimento das medidas de hixiene e prevención, o bar e restaurante, axustarase á normativa ditada para os establecementos de hostalaría e restauración.
- As actividades poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado e que non se supere o 75% da capacidade permitida, cun límite máximo de 300 persoas para lugares pechados e de 1.000 persoas cando se trate de actividades ao aire libre.
- Ao final de cada turno procederase á limpeza das zonas comúns e, en cada turno, deberase limpar e desinfectar o material compartido despois de cada uso. Ao rematar a xornada procederase a efectuar a limpeza da instalación, reducíndose a permanencia de persoal ao número mínimo suficiente para a prestación axeitada do servizo.



PROTOCOLO ESPECÍFICO PARA OS ADESTRAMENTOS DE PERCORRIDOS DE CAZA E COMPAK SPORTING:

ADESTRAMENTOS

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTACTO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS RECOMENDACIÓN
ANTES	STAFF	CONTACTO	1º DEPORTISTA SÓ.	USO DE MÁSCARA E EVITAR O CONTACTO.
	DEPORTISTAS + ACOMPAÑANTES	PERSONA A PERSONA E USO DO MESMO ESPAZO	2º DEPORTISTA ACOMPAÑADO DE UN FAMILIAR (CÓNIXUXE, FILLOA, PAI, NAI, ETC).	
	DEPORTISTAS + ACOMPAÑANTES + PERSOAL DE OFICINA DA INSTALACIÓN	PERSONA A PERSONA + USO DO MESMO ESPAZO + MATERIAL DE USO AL TERNO	3º DEPORTISTA QUE O ACOMPAÑA OUTRO DEPORTISTA OU UN AMIGO. 1º IR AS OFICINAS DA INSTALACIÓN A SOLICITAR FICHAS OU CARGAR A TARXETA PARA UTILIZAR OS EQUIPOS NAS CANCHAS DE TIRO. 2º SACAR DO COCHE O EQUIPO DE TIRO (CHALECO, MOCHILA CARTUCHOS, GAFAS, AURICULARES, VISERA, ESCOPETA) E POÑELO, PODE SER PARTE OU TODO. 3º DIRIXIRSE CARA A CANCHA DE ADESTRAMENTO.	
ANTES	DEPORTISTAS + ACOMPAÑANTES + PERSOAL DE OFICINA DA INSTALACIÓN	PERSONA A PERSONA + USO DO MESMO ESPAZO + MATERIAL DE USO AL TERNO	1º COLOCACIÓN DA MOCHILA E ESCOPETA NOS LUGARES AXEITADOS (CADEIRAS, BANCADAS, MESAS, ARMEIROS DE MADEIRA). 2º E POSIBLE QUE NA CANCHA TE ATOPE CON MAIS DEPORTISTA OU QUE FORAN CONTIGO. O IGUAL PODERÍA HABER OUTRAS PERSOAS ALLEAS OS DEPORTISTAS, FAMILIARES, AMIGOS OU PERSOAL DE MANTENIMENTO. 3º INTRODUCIR TARXETA OU FICHAS NA DISTRIBUIDORA (EQUIPO AUTOMÁTICO QUE ACTIVA AS MÁQUINAS LANZA PRATOS E MICROS). 4º SELECCIONAR NA DISTRIBUIDORA A MODALIDADE E O NÚMERO DE TIRADORES. 5º O DEPORTISTA SITUASE NO SEU POSTO. ESTE ESTÁ FORMADO POR UNHA ESTRUCTURA DE METAL OU MADEIRA QUE LIMITA OS MOVEMENTOS DO TIRADOR DA COMENZA O ADESTRAMENTO. 6º UNHA VEZ EFECTUADO OS DISPAROS, AS VAINAS DOS CARTUCHOS BOTANSE EN CONTEDORES SITUADOS A CARÓN DE POSTO. QUE EN ALGÚN CASO PODE SER DESPRAZADOS CARA UN LADO OU OUTRO DO POSTO. 7º PODE ACONTECER EN ALGÚN CASO QUE POIDA HABER OUTRO TIRADOR NA CANCHA (CON MAIS EXPERIENCIA) E QUE O CORRIXA, TANTA NA SÚA COLOCACIÓN FÍSICA, COMO NO ENCARA DA ARMA. 1º O REMATAR RECOLLEMOS TODO O EQUIPO, NOS DESPIDAMOS DOS COMPAÑEIRO DE ADESTRAMENTO E NO DIRIXIMOS A O COCHE PARA DEIXAR O EQUIPO. EN ALGUNHAS INSTALACIONES EXISTE SERVICIO DE CAFETERIA OU BAR ONDE PODES PARAR CON COMPAÑEIRO, AMIGO OU FAMILIA QUE TE ACOMPAÑARON E INTERACTUAR CON OUTRA XENTE. 2º MONTAMOS NO COCHE SOS OU ACOMPAÑADOS E REGRESAMOS AS NOSAS CASAS.	LIMPEZA E DESINFECIÓN DESPOIS DE CADA USO, LIMITAR O NÚMERO DE ESTES ELEMENTOS USO DE MASCARILLA E EVITAR O CONTACTO, DISTANCIA MINIMA DE 1,5 METROS, SI E POSIBLE FACER LIMPEZA E DESINFECIÓN DESPOIS DE CADA USO LIMPEZA E DESINFECIÓN DESPOIS DE CADA USO LIMPEZA E DESINFECIÓN DESPOIS DE CADA USO POÑER CONTEDORES A AMBOS LADOS DO POSTO E PROHIBIR A SÚA MANIPULACIÓN EVITAR O CONTACTO CON OUTRO DEPORTISTA MANTENDO A DISTANCIA MINIMA DE 1,5 METROS
DURANTE	DEPORTISTAS + ACOMPAÑANTES + PERSOAL DE MANTENIMENTO DA INSTALACIÓN	PERSONA A PERSONA E USO DO MESMO ESPAZO + MATERIAL DE USO AL TERNO	1º O REMATAR RECOLLEMOS TODO O EQUIPO, NOS DESPIDAMOS DOS COMPAÑEIRO DE ADESTRAMENTO E NO DIRIXIMOS A O COCHE PARA DEIXAR O EQUIPO. EN ALGUNHAS INSTALACIONES EXISTE SERVICIO DE CAFETERIA OU BAR ONDE PODES PARAR CON COMPAÑEIRO, AMIGO OU FAMILIA QUE TE ACOMPAÑARON E INTERACTUAR CON OUTRA XENTE. 2º MONTAMOS NO COCHE SOS OU ACOMPAÑADOS E REGRESAMOS AS NOSAS CASAS.	USO DE MASCARILLA E EVITAR O CONTACTO USO DE MASCARILLA E EVITAR O CONTACTO
DESPOIS	DEPORTISTAS + ACOMPAÑANTES	PERSONA A PERSONA + USO DO MESMO ESPAZO		USO DE MASCARILLA E EVITAR O CONTACTO USO DE MASCARILLA E EVITAR O CONTACTO



- As normas anteriores son de obrigado cumprimento para todos os usuarios da instalación deportiva, e o seu incumprimento, que será responsabilidade persoal de cada usuario, dará lugar á súa expulsión da instalación.
- Todos os tiradores usuarios da instalación deberán realizar unha declaración responsable, conforme ao modelo que se anexa na páxina 6 seguinte, na que expresen o coñecemento do protocolo da instalación, aceptando as condicións de participación e comprometéndose a cumprir coas medidas persoais de hixiene e prevención contidas no mesmo.

Trazo, a 15 de xuño de 2020

O PRESIDENTE,

Asdo.: José Luis Sánchez Mancebo



DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a con nº de DNI/NIE

actuando en nome propio ou como pai/nai/titor do interesado/a (cando sexa menor de idade)

D/D^a con nº de DNI/NIE

Para a actividade de **Percorridos de Caza e Compak Sporting** que organice a Sociedade Deportiva Rio Sar, **nas instalacións do Campo de Tiro Rio Sar, sito en Chaian – Trazo (A Coruña)** entre o día **28 de xuño de 2020** e o día **31 de decembro de 2020**.

DECLARO, baixo a miña responsabilidade,

que cumpro todas as condicións de participación, e asumo a obriga de cumprir as medidas de hixiene e prevención sanitaria contidas no Protocolo facilitado pola entidade.

En Trazo, a 28 de xuño de 2020

Asdo.

A/A da Sociedade Deportiva Rio Sar